



Obxectivos e escenarios da PARTE II

Neste **Apartado II** tratarase de aprofundar nas distintas maneiras que hai de configurar as tarxetas de rede das máquinas virtuais. Por tanto estudarase:


- Configuración IP.
 - NAT (Network Address Translation).
 - Switches.
 - Parámetros de configuración das tarxetas de rede das máquinas virtuais.
 - Instalar 2 máquinas virtuais de servidor: Windows e Zentyal
- As seguintes imaxes amosan os distintos escenarios que se van manexar na PARTE II




Este escenario amosa que as máquinas virtuais teñen as tarxetas de rede configuradas por defecto: NAT




Este escenario amosa que as máquinas virtuais teñen as tarxetas de rede configuradas por defecto: Rede NAT, onde as MVs poden saír a internet e comunicarse entre elas dentro dun mesmo host.




Neste escenario os equipos virtuais compórtanse como se fosen equipos reais e poden comunicarse con calquera elemento da LAN e calquera elemento da LAN con eles.




Neste caso os equipos virtuais só se poden comunicar entre si.



Neste escenario os equipos virtuais pódense comunicar entre si e co equipo host.



Cada equipo virtual ten dúas tarxetas de rede, unha delas para comunicarse co outro equipo virtual e a outra para poder acceder ao exterior.



Finalmente instalaranse os 2 equipos virtuais de servidor para ter tódolos equipos cos que se vai seguir o curso.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (17 out 2010).